



Artigos

ESCRITOS SOBRE ARQUEOLOXÍA
Xosé María Álvarez Blázquez

Industrias paleolíticas da bisbarra de Tui

*Orixinal en castelán: "Industrias
paleolíticas de la comarca de Tui".
Cuadernos de Estudios Gallegos IV.
1949, pp 201-250.*

Xosé María **Álvarez Blázquez**
Fermín **Bouza Brey**

XEOGRAFÍA

O Municipio de Tui comprende unha área xeograficamente ben determinada que limita ao Sur coa fronteira natural do río Miño, e ao Norte, Leste e Oeste co monte Aloia e as súas estribacións. Este sistema montañoso forma en torno ás terras baixas que rega o Miño un amplo semicírculo, a xeito de arco do que sería a corda o propio río; pero, se nos atemos ao estritamente xeográfico prescindindo do accidente político a figura así esbozada deberá completarse coa visión doutro arco semellante en terras portuguesas, contraposto ao tudense, cuxo punto central é o monte Faro, enfrontado ao Aloia. Quere isto dicir que a visión conxunta (a que se alcanza dende calquera das dúas citadas atalaias fronteirizas) dános idea dun extenso anfiteatro, marcadamente ovoide, no que son así mesmo apreciables varios grandes chanzos, mostrándose ao fondo o fecundo val, que recibe o nome de Veiga de Louro na parte galega, sen dúbida porque este modesto afluente do Miño, por ser galego dende o nacemento ata a morte, prés-tase mellor que o río internacional á definición xeográfica.

As frecuentes enchentes invernaís do Miño danlle á veiga gran fertilidade, e é de supoñer que en tempos remotos unha espesa vexetación arbórea cubrise por enteiro o amplo val. De tal sorte, pode imaxi-

narse a bisbarra tudense como un paraíso (aínda nos nosos días Unamuno cualificouna así)¹”, onde a auga abundante, o pasto rico, a apertada flora, atraerían por igual á caza e ao cazador. Esta contaba, ademais, para a súa defensa e seguridade, cunha cadea estratéxica de alturas, dende o Aloia (soberbio castro amurallado aínda sen explorar, malia a súa candidatura a identificarse co Medulio²), ata os castros, en parte coñecidos, de Cabeza de Francos³, A Guía⁴, Antas, e o propio onde hoxe se asenta a cidade.

XEOLOXÍA

Non é doado determinar, sen un previo estudo documentado sobre o terreo, o conxunto xeolóxico da bisbarra que nos ocupa, abondando ao noso obxecto sinalar algúns puntos esenciais. En primeiro lugar, cabe considerar a serra de Oia (columna vertebral que separa as terras do Baixo Miño da ría de Vigo) como a última estribación do sistema pirenaico, de formación eruptiva, e profundamente sucada nalgúns puntos por fondas canellas de probable orixe glaciario.

En segundo termo, interéranos estudar o chan do val que este sistema orográfico local encerra. H. Lautensach⁵, citado por Zbyszewski⁶, determinou a correspondencia entre as terrazas fluviais do Miño, á altura de Tui e Valença, e as do Lima, coas antigas praias do litoral

(1) MIGUEL. DE UNAMUNO, *Visiones y andanzas españolas*, páx. 68 da ed. de Espasa-Calpe na Colección Austral. Di Unamuno: “...desde la torre de su catedral-fortaleza, que es un espléndido balcón abierto a un paraíso terrenal...”.

(2) JOSÉ GONZÁLEZ PÁRAMOS, *Raso y Patria del Rey D. Pelayo*, páx. 31, Tui, 1930.

(I) A. SCHULTEN, *Hispania*, páx. 36.

(II) A. SCHULTEN, *Los Cantabros y Astures y su guerra con Roma*, páx. 147 e seg. Madrid, 1943.

(III) M. FERNÁNDEZ COSTAS, “El Monte Medulio ¿es el Monte Aloia?”, en *Construcciones, Revista de la Federación de Colegios Oficiales de Aparejadores*. 2º. Época, núm. 13, páxs. 46-49, Madrid, 1917.

(3) JOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, “El Castro de Cabeza de Francos”, artigo inédito, recollido neste volume.

(4) JOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, “Castro de A Guía”, en *Revista Tude* núms. 2-3, páxs. 6-7, Tui, maio-xuño, 1935.

(5) H. LAUTENSACH, “Portugal auf grund eisgener Reisen urd der Litteratur, Vol I-II”, *Petermanns M. Ergzb*, XLVI, etc. 1932.

(6) GEORGES ZBYSZEWSKI. “La classification du Paléolithique anciens et la chronologie Quaternaire de Portugal en 1942”. *Boletín da Sociedade Geologica de Portugal*, vol II, fasc. II y III, páx. 26. Porto, 1943.

atlántico. Segundo el, ás terrazas medias do curso da auga deberán corresponderse coas baixas terrazas litorais, datando estas do último interglaciario, e existindo aínda outro nivel máis elevado (e máis antigo, polo tanto) que alcanza de 40 a 60 m. Finalmente, Lautensach observou en Valença do Minho unha baixa terraza de 5 m., que cualificou de post-glaciario.

Estudando Zbyszewski⁷ os movementos cuaternarios que modificaron a disposición de praias e terrazas, a causa de certos fenómenos sísmicos, di:

“No Norte, H. Lautensach sinalou a existencia dunha deformación das altas e medias terrazas do Miño e do Lima. A baixa terraza (para nós grimaldiense) estaría exenta desta deformación. Trátase da formación de bombeamentos en “lombo de asno”; anteriores ao grimaldiense e correspondentes á produción de accidentes en relación co aliñamento da “culminación principal ibérica”, de Staub”⁸.

Altas terrazas

Na bisbarra tudense poden observarse doadamente estas tres terrazas fluviais, con evidentes deformacións sísmicas, a máis alta delas (50 m. por termo medio), que deron a estas acumulacións de cantos rodados unha típica forma de montículos redondeados. As altas terrazas do Miño poden apreciarse, a un mesmo nivel e con características moi similares, dende a parroquia de Caldelas, no extremo Leste, ata a de Areas, no extremo Oeste, estando constituídas por grandes depósitos de cantos rodados de cuarcita pardo-amarelenta e pequeno tamaño, xeralmente mesturados a unha masa compacta de arxila da mesma cor. Onde a abundancia de ferro é maior, a cor avermellada do conxunto acentúase, e non é entón infrecuente a formación de pudingas. Estas altas terrazas advértense en Páramos (lugar da Feira), Guillarei (proximidades da Estación de Ferrocarril e lugar da Moura), Ribadelouro (A Madalena), Rebordáns (Tilleiro, Virxe do Camiño e O Anxo), Tui (Seixal), Randufe (As Baliñas) e Areas (O Marquiño).

(7) ZBYSZEWSKI, *op.cit.* páxs 92 e segs.

(8) ZBYSZEWSKI, *op.cit.* páxs 93.

Crese ata agora que as altas terrazas do Miño deberán corresponder á da época do grande interglaciar tirreniense, da cal nos dá Zbyszewski a seguinte descrición, con respecto a Portugal:

“1°. As praias (situadas xeralmente a altitudes que varían entre 20 e 40 m.). Praias de gravas de Montedor (Carreço) a 25-30 m.; praias do litoral de Leixões e do Porto; praias da península de Peniche; areas de Porto de Lobos; praias de Consolação, Santa-Cruz, Ericeira, Magioto, Praia das Maças, Guincho, S. Julião de Barra, Foz dá Fonte, Praia dos Lagosteiros, Forte de Baralha (Cabo de Espichel), Sines, Porto Covo e Vila-Nova-de-Milfontes. Conteñen antigo achelense rodado nas gravas da base e achelense medio e superior nas areas vermellas superpostas (Ericeira).

2°. As terrazas. Terrazas medias do Texo. Areas feldespáticas do Val do Forno e do Val de Atela (Alpiarça), etc., seguidas de arxilas con vexetais e industrias intactas de achelense medio; arxilas do Cabeço dá Mina (Brua). Terraza de Carregado con Elephas antiquus e lascas Achelense”⁹.

Corno despois veremos, esta terraza superior do Miño, que se corresponde coas terrazas medias do Texo e das costas, é a máis antiga que Lautensach descubriu nesta bisbarra, sendo afectada polos movementos sísmicos deformantes da época glacial rissense, ao par que as terrazas de Peniche e praias de Vila-Nova-de-Milfontes.

Logo veremos tamén como as características xeolóxicas da bisbarra tudense concordan coa ferramenta deste interglaciar.

Terrazas medias

Son estas as que deben corresponderse coas antigas praias do litoral atlántico, pertencentes ao parecer ao último período interglaciar, ou época grimaldiense, observadas por Lautensach en Valença do Minho e que así mesmo se advirten en Tui (lugares de Santa Eufemia, San Bartolomeu, A Eiriña, Laranxeira, Bornetas, etc.). Velaquí a descrición que Zbyszewski fai desta época interglaciar grimaldiense (Riss-Würn), polo que respecta a Portugal:

(9) ZBYSZEWSKI, *op.cit.* páxs 103-4.

“1º. As praias (situadas xeralmente a altitudes inferiores a 12 m.). Praias de seixos de Montedor (Carreço), Areosa (Viana-do-Castelo), con industrias achelenses, languedocienses e ancorienses (protoasturienses) rodadas, praia de 6-7 m. de Furninha (Peniche), depósito de kjoekkemoedding de Magioto, praia do Guincho, de Boca do Inferno (3-4 m.) con languedocienses non rodado in situ, Forte de Baralha (fauna mariña e Languedociense), Lapa de Santa Margarida (Portinho de Arrábida), contendo abbevilliense rodado e usado polo vento e languedocienses intacto.

2º. As terrazas. Baixas terrazas do Texo Alpiarça, Salvaterra-de-Magos, etc.). Terraza de San Antão do Tojal (arxilas verdosas e areas laranxa, con *Elephas antiquus* e industria musteriense) entre 8-12 m.”¹⁰

É de advertir que as terrazas medias do Miño están constituídas por acumulacións de cantos rodados de maiores dimensións cós achados nas altas terrazas, e carentes polo xeral de asociacións arxilosas. Como no caso anterior, rexistramos en Tui achados das industrias salientadas.

Baixas terrazas

Son estas as que se elevan dende o nivel actual do río ata os 4-8 metros, e abundan así mesmo nas ribeiras do Miño, sendo de notar especialmente en Caldedas de Tui (onde os depósitos de cantos rodados descenden ata o leito, formando os perigosos rápidos ou “rañas”), á altura de Páramos, onde constitúen illotes no medio do río, e tamén ao paso deste pola cidade (lugar do Penedo).

Corresponden estas baixas terrazas á época postglaciar flandiense, da que di Zbyszewski atopar en Portugal:

“praias de seixos da ribeira do Miño (Areosa, Viana-do-Castelo, etc.) contendo todas as industrias precedentes en estado rodado. Depósitos de sedimentos dos esteiros, lamas con Scrobicularia plana e Cardium edule no baixo val do Texo. Concheiros de Brua, Magos, Camarnal e Vale do Sado. Aparición do verdadeiro Asturiense no litoral do Norte”¹¹.

(10) ZBYSZEWSKI, *op.cit.* páxs 104-5.

(11) ZBYSZEWSKI, *op.cit.* páxs 105.

Os cantos rodados que constitúen estas baixas terrazas adoitan ser de maior tamaño, con ausencia de asociacións arxilosas, e sen que as terrazas presenten vestixios de deformación sísmica, adoptando simplemente a forma de extensos areas en declive.

ANTECEDENTES

O estudo do Paleolítico en Galicia circunscribeuse ata o momento actual ás ricas estacións de A Guarda e Camposancos, consideradas nun principio como exclusivamente Asturienses, isto é, protoneolíticas, e fóra xa, por conseguinte, do amplo ciclo primitivo da Prehistoria. Pero a copiosa bibliografía que afecta na actualidade a estas estacións¹², se ben é aínda en parte contradictoria, no fundamental áchase acorde en asignar A Guarda e Camposancos épocas e culturas moi diversas, que van dende o achelense antigo, ao asturiense puro, coa inclusión de! Camposanquiense (Languedociense en Francia), xustamente chamado así; en honra á importancia e características das industrias de Camposancos.

Sen que sexa lícito supoñer a existencia de depósitos tan notables como estes da desembocadura do Miño, noutros puntos de Galicia, cabe, si, sinalar a sospeita de que a escaseza de referencias se deba, máis

(12) A bibliografía das estacións de A Guarda e Camposancos e dos problemas de filiación do seu material lítico atópase ata 1930 contida nas seguintes principais publicacións:

- J. FONTES, "Estación paleolítica de Camposancos (Pontevedra, España)", en *Broteria*, I. páxs. 7-16, Caminha, 1925.
- E. JALHAY, "El asturiense en Galicia", en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense VII*, núm. 165, páxs. 341-352, Ourense, 1925.
- E. JALHAY, "A estación Asturiense de La Guardia (Galicia)", en *Broteria*, vol. VI. fasc. II, febrero de 1928, Caminha, 1928.
- RUY SERPA PINTO, "O asturiense en Portugal", en *Tralhalhos da Soc. Portuguesa de Antropología e Etnología*, vol. IV, Porto, 1928.
- RUY SERPA PINTO, "Nótulas Asturienses I", en fac. III do expresado vol. IV da mencionada publicación, Porto, 1929.
- RUY SERPA PINTO, "Nótulas Asturienses II", en fac. III do expresado vol. IV da mencionada publicación, Porto, 1930.
- E. JALHAY, "Algunas notas sobre o Asturiense de Galiza", en *Asociación Española para el Progreso de las Ciencias*, Congreso de Barcelona de 1920, VIII, pág. 191, Madrid, 1930.
- AFONSO DO PAÇO, "O paleolítico do Minho", comunicación ao XV Congreso Internacional de Antropología e Arqueología prehistórica, Coimbra-Porto, 1930.
- RUY SERPA PINTO, "Bibliografía do Asturiense", en *Instituto de Antropología da Facultade de Ciencias da Universidade*, Porto, 1930.

(sigue na páxina 49)

ca nada, á falta de investigacións sistemáticas noutras bisbarras do noso chan, especialmente ao longo da costa e nos recollidos vales do interior, onde é de todo punto presumible a posibilidade de descubrimentos importantes. E así, seguindo a ruta xeográfica que nos leva da Guarda a Tui, e precisamente a medio camiño, cábenos xa rexistrar o achado dunha curiosa peza paleolítica en Goián, achado realizado ocasionalmente por don Francisco Javier Sánchez Cantón e que será obxecto dunha nota nosa de próxima publicación¹³. Desta sorte, aínda con tan débil nexo como é o dun só instrumento illado, fíxase en certo modo unha liña de continuidade polo que respecta á marxe española do Baixo Miño, paralela a aquela outra que despois veremos debuxarse na beira portuguesa.

Máis distanciados xa dos estreitos límites do Baixo Miño, cábenos así mesmo rexistrar a existencia de tres machados tallados en cuarcita,

(Ven da páxina 48)

-MANUEL FERNÁNDEZ COSTAS, "As industrias líticas de A Guardia", *Nós*, nº 64, Coruña, abril de 1929.

-MANUEL FERNÁNDEZ COSTAS, "Notas encol do asturiense no bisbarra d'A Guardia, Campaña de 1929", *Nós*, Coruña, 1930.

Con posterioridade, ademais dos citados neste traballo, os principais estudos son:

-RUY SERPA PINTO, "Nótulas Asturienses III", en fasc. II del vol. V de *Trabalhos da Sociedade Portuguesa de Antropología e Arqueología Prehistórica*, Porto, 1931.

-E. JALHAY, "L'industrie de type asturien serat-elle une industrie purement locale?", en *Proceedings of the First international Congress of Prehistoric and Protohistoric Science*, Londres, 1932.

-E. JALHAY, "¿Serão preasturienses as estações pre-historicas do litoral galaico-minhoto?", en *Broteria*, Lisboa, 1938 e tamén no *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Ourense*, núm. 208, 1938.

-J. M. SANTA OLALLA, *Anuario de Prehistoria Madrileña*, vol. I. Madrid, 1930, pág. 162.

-E. JALHAY, "Algúns raspadores da industria galaico-minhota de tipo asturiense", *Rev. de Arqueología*, t. I, Lisboa, 1933.

-MILES BUSRKIT, "Notes of a journey thought Nort-west Spain and Portugal", en *Prehistor Society of East Anglia*, VI. 1931.

-C. DE MERGELINA, "El seudo asturiense de La Guardia (Pontevedra)", en *Bol. del Sem. de Est. de Arte y Arqueología*, tom. VI, páxs 23-38. Valladolid, 1939-40.

-AFONSO DO PAÇO, "Revisão dos problemas do paleolítico, mesolítico e asturiense", en *Congresso do Mundo Português* vol. 1, páxinas 131-158, Lisboa, 1940.

-JOSÉ F. MENÉNDEZ, "Los problemas del Asturiense Español", en *Congreso do Mundo Português*, vol. 1, páxs. 161-166. Lisboa, 1940.

-J. R. dos SANTOS JUNIOR, "O pretenso rejuvenescimento do asturiense de La Guardia", *Anais da Faculdade de Ciências*, t. XXVI, Porto, 1941.

-F. RUSSELL CORTEZ, "Novos achados líticos nos áreas do castelo do Queijo e da Ervilha", *Trabalhos da Sociedade de Antropología e Etnología* vol X, Porto, 1943.

-ABEL VIANA, "Os problemas do Asturiense português", en *Congreso do Mundo Português*. vol. I, páxs. 169-194, Lisboa, 1940.

(13) F BOUZA BREY e JOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, *Instrumento paleolítico de Goián (Pontevedra)*, inédito.

que foron achados na parroquia de Maceira, Concello de Covelo (Pontevedra) polo culto Mestre Nacional don Pedro Díaz Álvarez no ano 1934, dúas delas actualmente no noso poder, e que así mesmo estudaremos noutra ocasión.

No ano 1945 tiveron ingreso no Museo de Ourense dúas pezas líticas doadas polo Mestre Nacional de Mesego don Manuel Fernández Pousa atopadas en San Mamede de Canda, partido xudicial de Carballiño, das que se di na Crónica dando conta da súa entrada que se trata de “dous fermosos picos asturienses”, e delas publícase fotografía, á vista da cal se podería aventurar opinión a favor dunha clasificación máis antiga¹⁴.

O investigador lusitano Rusell Cortez achou recentemente un raspador na beira dereita do Miño en Ourense, preto do campo da feira do Vinteún e un machete na marxe esquerda, na Alameda chamada do Cruceiro” da propia cidade. Deste achado descoñécense outras circunstancias que a de ser atopado este último instrumento na terraza superior segundo información de F. L. Cuevillas.

Don Julio M. Santa-Olalla achou, o ano 1926, na estación do ferrocarril de Os Peares ata 12 ou 14 cuarcitas bifaces, lascas *clactonienses* e algunha peza de *Levallois* que conserva na súa casa de Burgos, segundo nos comunicou, industrias que serven de enlace coas bercianas das terrazas cuaternarias do val do Cúa de que deu noticia Sáez Martín no primeiro dos *Cuadernos de Historia Primitiva del Hombre* (Madrid, 1946), que reproducen o isidrense do Manzanares.

Finalmente, don Luís Monteagudo achou en Loureda (Arteixo, A Coruña) un machado en lasca, que el clasificou como suposto *Clactoniense*¹⁵.

Estas son, en síntese, todas as noticias que é posible reunir ata hoxe sobre o Paleolítico en Galicia. Pero, afortunadamente, a súa relativa escaseza compénsase sobradamente coa abundancia de achados rexistrados na marxe portuguesa do Miño, dende a súa desembocadu-

(14) *Boletín del Museo Arqueológico provincial de Orense*, 7º, II, 1946, páxs. 98 y 106, sección de “Adquisiciones”

(15) LUIS MONTEAGUDO, “Probable hacha clactoniense de Arteixo (Coruña)”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos, fasc. VII*, páxs. 331-339, Santiago, 1947.

ra en Caminha, ata Melgaço, fronte a Arbo, zona xeograficamente moi próxima á tudense, ligada intimamente a ela pola topografía e que, indubidablemente, revela un estreito parentesco prehistórico, do que o río sería lazo de consanguinidade.

Neste punto é obrigado citar ao distinguido investigador lusitano Abel Viana, que descubriu e estudou diversas estacións paleolíticas na zona arriba citada¹⁶. Con anterioridade aos seus descubrimentos, fóranse sinalando achados illados, que Abel Viana salienta no seu estudo e repetimos nós aquí para facilitar unha visión de conxunto, aínda cando algúns deles, máis ben que á conca do Miño, pertencen á mesopotamia deste e o Lima: depósito de Portuzelo, estudado por Víctor Fontes; depósitos de Ermelo, Cabana Maior, Grade, Giela e San Jorge, descubertos polo P. Saraiva de Miranda; e depósitos de Gondarem, estudados polo P. Lourenço Loução.

Velaquí agora a lista das estacións descubertas polo Sr. Viana:

1. *Lanhelas, a 4 quilómetros ao N. de Caminha e ao pé do Monte de Góios. Coups-de-poing de tipo achelense, con pátina variable, que revela unha sucesión de estadios. En San Gregorio, dentro da mesma freguesía, achou Viana “unhas tres dúcias de instrumentos, case todos encontrados fortemente incrustados nas paredes das canles que os torrentes abriron no barro avermellado”. Trátase de útiles tipicamente acheulenses.*

2. *Vilar de Mouros e Igreja-Nova, no mesmo municipio de Caminha, con abundantes industrias do achelense e languedociense, segundo apreciación de Zbyszewski, e que Viana cualifica de chelense, achelense e musteriense.*

3. *Gondarém, con achados no castro e nun camiño que o circunda. Non especifica o tipo mais polo deseño dunha peza, este parece Languedociense (Camposanquiense)*

4. *Seixas, onde achou un único machado, de tipo achelense antigo, que supón non procede da localidade.*

5. *S. Miguel de Fontoura, do municipio de Valença (fronte a Tui), onde o señor Viana achou un coup-de-poing, que Zbyszewski afirma ser “Achelense moi semellante ao de Muge e Alpiarça”.*

(16) ABEL VIANA, “Estações Paleolíticas do Alto Minho”, en *Portugal*, vol III, num. 15, maio-xuño, Porto, 1930.

6. *Peso (Melgaço)*, con tres instrumentos que cualifica de *chelenses*, sen dúbida a causa do seu aparente arcaísmo, pero que hoxe habemos de considerar dun achelense *antigo*.

7. *Argela*, a 5 quilómetros de *Caminha*, na marxe esquerda do río *Coura*. achelense e “instrumentos dos tipos de *Camposancos*”.

8. *Moledo*, na costa, entre *Áncora* e *Caminha*, onde recolleu o señor Viana “nove instrumentos dalgúns dos tipos de *Camposancos* máis dous de tipo diferente”. Zbyszewski cualifica os achados de *Acheulenses*.

9. *Vilanova-de-Cerveira*, na marxe do *Miño*, fronte a *Goián*. Atopou un pesado machado en abano, que non clasifica e que Zbyszewski designa como “Languedociense análogo ao de *Camposancos* e *Carreço*”.

10. *Areosa*, na costa, ao N. de *Viana* e entre as estacións de *Portuzelo* e *Carreço*. Abundantes achados: “Á superficie dun chan den- de antigo removido pola aixada e o arado, xorde o coup-de-poing alongado, en compañía doutras diversísimas formas do paleolítico inferior, dos instrumentos do pre-neolítico asturiense, dos instrumentos neolíticos e da cerámica peculiar dos castros romanizados”¹⁷. Zbyszewski, non obstante, cualifica as industrias de *Areosa* de *Achelense* e *Languedocienses*.

“Trátase, en suma (resume este mesmo autor, referíndose ás estacións descubertas polo señor Viana) de industrias paleolíticas moi belas, algun- has procedentes de niveis xeolóxicos que será interesante examinar”¹⁸.


Con posterioridade aos descubrimentos de Abel Viana fóronse rexis- trando na marxe esquerda do *Miño* outros novos, de maior ou menor importancia, ofrecendo actualmente a visión dunha case ininterrompida cadea de estacións paleolíticas que (prescindindo das costeiras) van den- de *Moledo*, no extremo S. O., ata *Fiáis* ao N. E. de *Peso (Melgaço)*. Nun diáfano estudo de Afonso do Paço¹⁹ faise mención destas novas estacións miñotas, que figuran así mesmo na “*Carta Paleolítica de Portugal*” incluí- da no devandito traballo tales estacións son:

1. *Fiáis*, ao N. E. de *Peso (Melgaço)*.
2. *Ganfeij*, fronte a *Páramos (Tui)*.
3. *Campos*, entre *Valença do Minho* e *Vilanova-de-Cerveira*.
4. *Vanade*, ao S. de *Vilarelho*.

(17) VIANA, *op. cit.*, páx. 59.

(18) ZBYSZEWSKI, *op. cit.* páx. 31.

(19) AFONSO DO PAÇO, “O paleolítico do Minho”, comunicación ao XV Congreso Internacional de Antropología e Arqueología prehistórica, Coimbra-Porto, 1930.



- | | | | |
|----------------|----------------|---------------------|---------------|
| 1. A Guarda | 8. Rebordáns | 15. Ganfei | 22. Seixar |
| 2. Camposancos | 9. Ribadelouro | 16. Fontoura | 23. Argela |
| 3. Goián | 10. Guillarei | 17. Campos | 24. Vilarelho |
| 4. Areas | 11. Baldraus | 18. Cerveira | 25. Venade |
| 5. Pexegueiro | 12. Peso | 19. Gondarem | 26. Moledo |
| 6. Randufe | 13. Friais | 20. Lanhelas | |
| 7. Tui | 14. Monção | 21. Vilar de Mouros | |

Fig. 1: Carta paleolítica do Baixo Miño.

Podemos así completar agora nós a “Carta Paleolítica do Baixo Miño” (Fig. 1), incluíndo nela os achados dunha e outra ribeira, grazas aos descubrimentos realizados na marxe española do río e que seguidamente pasamos a relatar.

ACHADOS NA BISBARRA TUDENSE

Durante as vacacións estivais de 1933 e 1934, un grupo de entón estudantes do que formaba parte un de nós (Á. Blázquez), baixo a acertada dirección do distinguido prehistoriador don Manuel Fernández Costas, empeñouse na busca, a través da bisbarra de Tui, de útiles prehistóricos, con que nutrir un Museo que para o efecto se organizou no Instituto de 2ª Ensinanza daquela cidade. Aparte de superficiais escavacións nos Castros de Cabeza de Francos e A Guía, o noso obxecto principal foi explorar as proximidades dos depósitos fluviais de cantos rodados, en busca de posibles instrumentos líticos, que esperabamos non faltarían nunha zona tan fértil e ben defendida como

aquela, e estimulados pola veciñanza das pródigas estacións da Guarda e Camposancos. E, en efecto, percorrendo os camiños aldeáns, orientándonos especialmente cara a aqueles de pronunciada pendente, doados ao arrastre das augas invernais, tivemos a fortuna de reunir ata un total de 61 instrumentos paleolíticos, todos eles en cantos rodados de cuarcita, único material lítico apropiado existente naquela zona

Non é tarefa doada puntualizar hoxe a localización exacta de cada obxecto con respecto ás terrazas fluviais como sería o noso desexo, nin aínda entón, sobre o terreo, cremos fose de extrema utilidade o detalle, toda vez que, como dicimos, os útiles foron atopados nos camiños aldeáns, levados alí polo arrastre das augas ou botado polos labradores ao limpar de pedras os seus predios illados, polo xeral, e sen reunir, por todo iso, as condicións ideais de achados in situ ou hipoxeos.

Aquela colección, clasificada entón provisionalmente, en espera dun abasto maior de materiais (que, por desgraza, non puido realizarse) pasou despois, en ocasión da contenda desenvolvida en España, pola azarosa fortuna de diversos traslados e a lamentable perda dunha grande parte do conxunto, ata o extremo de que hoxe soamente se conservan 26 pezas das 61 que comprendía. Suprimido o Instituto de Tui e desaparecido o Museo, un de nós (A. Blázquez) puido facerse cargo máis tarde do que deste restaba, recuperando eses 26 instrumentos que na súa maior parte el mesmo achara nas súas excursións polas aldeas. Pero extraviáronse algúns exemplares magníficos e tamén un curioso pico de aspecto asturiense, que o Sr. Fernández Costas atopara na localidade portuguesa de Monção, fronte a Salvaterra de Miño, non incluído no total das 61 pezas tudenses, e que representaba un interesante elo entre as estacións lusitanas do Baixo Miño. Esa peza extraviada permítenos facer figurar a devandita localidade na “Carta Paleolítica”.

Unha rápida ollada ao mapa do Municipio de Tui (Fig 2) revélanos a equilibrada distribución dos achados, ata o punto de que non hai apenas parroquia onde non se rexistre algún. Non obstante, préstase a consideracións o feito de que a maior densidade corresponda aos lugares próximos á beira do río (Santa Eufemia, San Bartolomeu, A Eiriña, As Bornetas, etc.), mentres outras estacións importantes, como

1. *PEXEGUEIRO*
2. *AREAS: Antas, O Marquiño.*
3. *RANDUFE: As Bornetas, As Baliñas, Pousa do Bispo, A Guía.*
4. *TUI: A Laranxeira, A Bouza, A Poboanza, A Lagarteira, O Pilar, O Polo, Chau-Chau.*
5. *REBORDÁNS: San Bartolomeu, Santa Eufemia, A Eiriña, O Facho.*
6. *RIBADELOURO: Santa Camba.*
7. *GUILLAREY: A Igrexa.*
8. *BALDRÁNS: A Torre.*

En fin, habemos de chamar a atención sobre a toponimia de marcado sabor prehistórico desta zona, onde, entre outros, rexistramos nomes como Antas, O Facho, Os Cubos, Pías, Mallón, O Marquiño, A Moura, etcétera, en cuxos lugares, ou nas súas proximidades, apareceron gran parte dos útiles que son obxecto do presente estudo.

As industrias paleolíticas de Tui, unidas aos outros depósitos de ambas as dúas beiras (e que dende agora convén considerar no seu conxunto) dannos idea, como dixemos, dunha única cadea cultural, situada en elos ao longo da mansa canle inferior do río ata parar, adensándose prodigamente, nas zonas fronteirizas de Caminha e A Guarda. Posteriores investigacións haberán de completar, sen dúbida, este cadro así esbozado.

DESCRIPCIÓN DOS ÚTILES

Para a clasificación dos útiles que se conservan servíronnos de guía, dunha parte, a tipoloxía e técnica da talla, e doutro, a pátina e demais pegadas do tempo (desgaste por rodamento, fracturas recentes, etc.), non ocultándonos as dificultades da empresa cando, como neste caso, se trata de achados illados e epixeos, sen outro punto calquera de referencia. Algo indicamos, non obstante, respecto ás características xeolóxicas da bisbarra, que mostra a súa contemporaneidade coas formacións aluviais do Norte de Portugal. As tres probas xuntas (tipolóxica, meteorolóxica e xeolóxica) servíronnos de orientación para establecer o cadro clasificativo.

Antes de entrar nel, damos a relación dos instrumentos extraviados, co fin de ofrecer así unha visión de conxunto dos achados.

Pezas extraviadas.

Parroquia de Tui:

- *Lugar de A Laranxeira:* Un raspador, achado polo señor Fernández Costas.
- *Lugar de Chau-Chau:* Un machado de abano, achado polo señor Álvarez Blázquez.
- *Lugar de O Pilar:* machado amigdaloide e un pico, achado polo señor Fernández Costas.
- *Lugar de A Poboanza:* Un raspador, achado polo señor Fernández Costas.
- *Lugar de A Lagarteira:* Dous picos, achados polo señor A. Blázquez.

Parroquia de Rebordáns.

- *Barrio de San Bartolomeu:* Cinco raspadores, tres machados en abano, tres picos e catro machados de améndoa, achados polo señor Fernández Costas.
- *Lugar de Santa Eufemia:* Un machado amigdaloide, achado polo señor Fernández Costas, e cinco picos, achados polo señor A. Blázquez.

Parroquia de AreaS.

- *Lugar de Antas:* Un machado amigdaloide, achado polo señor Diz Jurado. Lugar de O Marquiño: Catro picos e un raspador, achados polo señor Fernández Costas.

Parroquia de Ribadelouro.

- *Lugar de Santa Comba:* Un pico achado polo señor Fernández Costas.


Total: 35 pezas extraviadas, entre as que parecen adiviñarse formas *Camposanquienses* e *Asturienses*.

Velaquí agora a descrición dos útiles que se conservan, cuxa representación gráfica preferimos facela na postura natural a ser empregados, isto é, co pico ou bordo tallado cara a abaixo, por considerar que iso facilita a composición dos obxectos no seu sentido de manexo e utilidade:

Lam. I: Útiles paleolíticos da bisbarra de Tui.



Grupo D: Camposanquiense.




Grupo A: Achelense Antigo.

Lam. II: Útiles paleolíticos da bisbarra de Tui.



Grupo A: Proto-asturiense.



Grupo B: Achelense Medio. Grupo C: Achelense Superior.

GRUPO A. ACHELENSE ANTIGO (Lam. I)

Núm. 1. Machado amigdalóide dunha lasca de cuarcita pardo-amarelenta, de talla bifacial por percusión directa, retocada minuciosamente por presión nos bordos, ata darlles un fío moi agudo. Rotura antiga da punta. Pátina eólica pronunciada. Longo, 12 cm.; ancho, 9 cm.; espesor, 4 cm.

Lugar do achado: O Facho (Rebordáns).



1

Núm. 2. Machado oval, dun canto rodado de cuarcita gris; talla bifacial en case toda a súa extensión, agás na zona de aprehensión dunha das caras, onde conserva a superficie natural. Percusión directa, a grandes lascas, algunha delas profunda; leves retoques marxinais por presión, Pátina eólica moi acusada; arestas de lascado con gran desgaste. Rotura antiga da punta. 20 x 12 x 7 cm.

L. do a. Pexegueiro.



2


Núm. 3. Machado de tendencia amigdalóide, dun canto de cuarcita aplanado, pardo agrisado. Talla bifacial por percusión directa, mostrando na parte superior de ambas as dúas caras a superficie natural do canto, que no reverso se confunde coa superficie lascada, a causa do rodamento. O anverso presenta tres grandes planos de lascado lonxitudinal, retocados nos bordos, mentres o reverso ostenta o corrente lascado lateral. Rotura antiga do pico. 16 x 11 x 6 cm.

L. do a.: As Balíñas (Randufe).



3

GRUPO B. ACHELENSE MEDIO (Lam. II)



4



5



6

Núm. 4. Raspador ou cortador triangular, obtido dun canto rodado plano de cuarcita pardo-amarelenta. Talla bifacial por percusión directa, de grandes lascas planas, conservando no anverso unha pequena zona da superficie natural. Retoque delicado por presión ao longo do fío. No anverso unha lasca moi grande, que deixou no punto de percusión unha pronunciada depresión, que facilita o seu manexo. Forte pátina eólica. 16 x 11 x 4 cm.

L. do a.: A Bouza-Pazos de Reis (Tui).

Núm. 5. Raspador dun canto rodado de cuarcita pardo-avermellada. Talla bifacial, conservando na empuñadura a superficie natural do canto. Dúas grandes lascas e outra máis pequena no anverso; no reverso, unha grande lasca que ocupa o centro e outras máis pequenas laterais. Retoques non moi finos no fío. Rotura recente no bordo lateral esquerdo, deixando ver a cor parda, lixeiramente avermellada, da pedra. 10 x 7,50 x 4 cm.

L. do a.: O Marquiño (Areas).

Núm. 6. Raspador de lasca, en cuarcita parda escura, cuxo fío semicircular presenta ata sete retoques por presión. 10 x 8 x 3 cm.

L. do a.: A Eiriña (Rebordáns)).

GRUPO C. ACHELENSE SUPERIOR (Lam. II)

Núm. 7. Machado amigdalóide de canto rodado plano de cuarcita pardo-amarelenta. Táboa bifacial, conservando, non obstante, gran parte da superficie natural da pedra, non só na empuñadura senón no centro de ambas as dúas caras e tamén no bordo lateral dereito, ata a metade. Punta aguzada; retoques marginais amplos. Unha lasca extensa no anverso. Pátina eólica pouco acusada, ao extremo de que existe gran diferenza de colorido entre a superficie natural e a da talla. 18 x 12 x 6 cm. L. do a.: O Facho (Rebordáns).




7

Núm. 8. *Coup de poing* dun grosso canto rodado de cuarcita avermellada. Talla bifacial, limitada aos bordos inferiores do instrumento e caracterizada polo seu torpe traballo, de grandes e desiguais lascas, sen retoque. Remata nunha punta roma, indicada para golpear. Escasa pátina eólica e arestas con rozamento acusado. Notable diferenza de colorido entre as superficies natural e tallada. Pola súa bastidade e peso, así como pola configuración do pico, parece instrumento claramente destinado a golpear. 15 x 10 x 7,50 cm.



8

L. do a. A Bouza-Pazos de Reis (Tui).



9


Núm. 9. Machado lanceolado dun canto rodado moi plano de cuarcita vermella. Talla bifacial, bordos rectos, con retoque. Amplo lasca lateral, conservando na base e no centro de ambas as dúas caras a superficie natural da pedra. Unha das lascas do reverso produce un fondo entalle. Falta o pico, por rotura antiga. A superficie do instrumento aparece corroída como pola acción da auga. 16 x 11 x 6 cm. L. do a.: Pousa do Bispo (Randufe).



10



11



12



13

Núm. 10. Machadiño lanceolada dun canto rodado de cuarcita pardo-agrisada. Talla bifacial; bordos sinuosos, conservando no centro e base de ambas as dúas caras superficie natural. Lascado rudo, sen retoque marxinal, de tal sorte que un dos bordos está realizado dun só golpe. Falta a punta por fractura antiga. Pátina eólica lixeira. 9 x 7 x 4 cm.

L. do a.: A Bouza-Pazos de Reis (Tui).

Núm. 11. Machadiño triangular, dun canto rodado de cuarcita parda. Talla bifacial, toda ela en sentido lonxitudinal; bordos sinuosos; lascado amplo, desigual e pouco coidado, sen retoques marxinais. Superficie natural na base e centro de ambas as dúas caras. Pátina eólica pouco acusada. 12 x 7 x 5 cm.

L. do a.: As Bornetas (Randufe).

Núm. 12. Machadiño amigdalóide, obtida dunha lasca de cuarcita, plana polo lado en que conserva a superficie natural e empenada pola oposta, onde se sinala claramente o bulbo de percusión. Pola cara plana presenta oito retoques amplos e pola oposta está máis finamente retocada, determinando un bordo lixeiramente sinuoso. Pátina eólica bastante acusada. 10 x 7 x 2 cm.

L. do a.: Antas (Areas).

Núm. 13. Machadiño cordiforme, dun canto rodado de cuarcita avermellado-escuro. Talla bifacial por percusión directa, conservando a superficie natural do canto na base e o terzo central de ambas as dúas caras. A talla lateral é a grandes lascas, en número de sete por cada unha delas; bordo sinuoso sen retoques. Pátina eólica pouco acusada. 16 x 11 x 6 cm.

L. do a.: A Igrexa (Guillarei).

Núm. 14. Machadiño lixeiramente cordiforme, dun canto rodado de cuarcita pardo-amarelenta. Talla bifacial por percusión directa a grandes lascas, cinco a seis por cara, con retoques. Superficie natural en base e zona central de anverso, faltando case enteiramente no reverso. A zona de lascado de cor gris, con manchas avermelladas cara ao fío. Bordos lixeiramente sinuosos. Pátina eólica pouco acusada, sen rodamentos. 15 x 11 x 7 cm.

L. do a.: O Castro-A Guía (Randufe).

Núm. 15. Machadiño cordiforme, dun canto rodado amarelo intenso na superficie natural, salpicado de manchas avermellado escuro e gris verdoso na zona de lascado. Talla bifacial, conservando a case totalidade da superficie natural no reverso, onde a talla se limita ao bordo mentres na cara oposta foi desprendida unha gran lasca por percusión directa nun lado da base, lasca que comprende case toda a superficie sobre a que se practicou un amplo retoque. Bordos moi irregulares. Escasos vestixios de rodamento e carencia de pátina eólica. 13 x 11 x 6 cm.

L. do a. : A Bouza-Pazos de Reis (Tui) .

Núm. 16. Machadiño cordiforme dun canto rodado de cuarcita avermellada. Talla bifacial, conservando no anverso gran parte da superficie natural, que falta case no reverso. Bordos lixeiramente sinuosos; talla directa a grandes lascas, aínda que máis reducidas que nas pezas descritas ultimamente. No pico e un dos laterais parece presentar retoques de época posterior a vulgar pola diferenza de colorido e pátina eólica. 13 x 10 x 5 cm.

L. do a.: O Castro-A Guía (Randufe).

Núm. 17. Machadiño cordiforme, dun canto rodado de cuarcita gris claro. Talla bifacial, superficie natural en gran parte do anverso, o reverso carece case dela, limitándose a unha



14



15



16



17


estreita zona central. Bordos lixeiramente sinuosos, con retoques amplos. Talla por percusión directa, cunha gran lasca no reverso, onde encaixa a eminencia tenar ao efectuar a apreensión. Pátina de vento acusada e tamén vestixios de rodamento. 12 x 9 x 4 cm.

L. do a.: A Torre (Baldráns).

...

As pezas descritas nos núms. 13 a 17 presentan a característica especial de que ao ser empunñadas, a punta de corazón sitúase cara ao corpo do que as manexa, isto é, de dereita a esquerda, de tal sorte que a citada punta está sempre á vista, para favorecer o acerto no golpe, o que non sucede se son apreendidas en sentido contrario, xa que entón a punta fúrtase á visión, ocultada polo resto da masa do instrumento. Por outra banda, obsérvase gran diferenza de superficie de talla entre anverso e reverso, estando este máis traballado, sen dúbida tamén para facilitar coas súas rugosidades a adaptación á man. Exceptúase a peza núm. 15, acaso debido á ampla lasca desprendida no anverso, que facilita o encaixe dos dedos.


GRUPO D. CAMPOSANQUIENSE (Lam. I)



18

Núm. 18. Raspador dun canto rodado plano de cuarcita pardo-agrisada. Talla monofacial, por percusión directa, que abrangue a metade do perímetro; acusado desgaste por rodamento, que impide apreciar as arestas de lascado. Obsérvase na parte media un pico brevemente acentuado. 14 x 15 e 5,50 cm.

L. do a.: A Bouza-Pazos de Reis (Tui).



19

Núm. 19. Raspador dun canto rodado plano de cuarcita gris-avermellado. Talla monofacial, por percusión directa, que abrangue todo o bordo superior do instrumento. Aprécianse seis pequenas lascas, cuxas arestas están, ao igual que todo o obxecto, moi desgastadas por rozamento. 10,50 x 7 x 4 cm.

L. do a.: A Bouza-Pazos de Reis (Tui).

Núm. 20. Raspador dun canto rodado de cuarcita pardo-amarelenta. Talla monofacial, se ben se observa no anverso un escote non intencional. A talla abrangue todo o reverso, cunha ampla lasca central, sobre á que se sitúan outras máis pequenas, que determinan a forma do instrumento. Un pico lixeiramente apreciable na parte media central. Pátina eólica pouco acusada. 11 x 7,50 x 5 cm.

L. do a.: O Rollo (Tui).

Núm. 21. Raspador oval dun canto rodado de cuarcita, avermellado na superficie natural e negro na de lascado. Talla monofacial en toda a extensión do reverso, onde se aprecia un bulbo, en torno ao que xira a talla. Bordo recto, retocado. Pátina eólica e gran desgaste por rozamento. 12 x 10,50 x 7 cm.


L. do a.: A Bouza-Pazos de Res (Tui).

Núm. 22. Raspador discoidal dun canto rodado plano de cuarcita parda. Talla bifacial en zigzag, mediante pequenas lascas contrapostas, sen retoque posterior, distinguíndose ata doce destas lascas, que abranguen a case totalidade do perímetro do instrumento, agás unha zona de cinco centímetros. Rodamento irregular. 12 x 1,1 x 4 cm.


L. do a.: A Bouza-Pazos de Reis (Tui).

Núm. 23. Raspador discoidal dun canto rodado pardo-amarelento. Talla bifacial amplo e pouco coidado, en rudimentario zigzag, composto de nove lascas que abranguen todo o perímetro. Acusado rodamento e leve pátina eólica. 10,5 x 9 x 3 cm.

L. do a.: A Bouza-Pazos de Reis (Tui).



20



21



22




23



24

Núm. 24. Raspador discoidal, dun pequeno canto rodado plano de cuarcita avermellada. Talla formada por cinco lascas en zigzag, que abranguen máis da metade do perímetro do instrumento. En comparación coas pezas similares anteriormente descritas, e habida conta do reducido tamaño do instrumento, pódese afirmar que revela moito maior esmero na súa execución. Pátina eólica apreciable. 6 x 5,50 x 3 cm.

L. do a.: A Bouza-Pazos de Reis (Tui).



25

Núm. 25. Raspador discoidal dun pequeno canto rodado plano de cuarcita vermella. Talla formada por lascas en zigzag, que abranguen todo o perímetro do instrumento. Forte rodamento. 7 x 6 x 4 cm.

L. do a.: A Bouza-Pazos de Reis (Tui).

GRUPO E. ANCORENSE OU PROTOASTURIENSE (Lam I)



26

Núm. 26. Pico dun canto rodado avermellado. Talla de sentido lonxitudinal, dando lugar a tres caras talladas e unha de superficie natural, sendo a sección transversal do obxecto de forma romboide. Falta gran parte do pico, por fractura antiga. Carencia de retoque; bordos rectos e vivos. Pátina eólica lixeira e leves sinais de rodamento. 15 x 7,50 x 6 cm.

L. do a.: Chau-Chau (Tui).

CONSIDERACIÓNS

Achámonos, como se advirte, ante a repetición dun curioso fenómeno, rexistrado insistentemente na marxe portuguesa do Miño, a saber, a existencia de industrias ben definidas do paleolítico inferior, a absoluta ausencia de vestixios do paleolítico superior e, tras esta á primeira vista solución de continuidade, a aparición dun tipo con certos caracteres asturienses, se ben a única peza deste que hoxe se conserva das achadas en Tui resulta un tanto dubidosa, malia a súa semellanza cos picos do tipo empalmado. Pero aínda prescindindo deste único exemplar protoasturiense e dos picos extraviados, cuxa dubidosa cualificación aumenta o feito de acharse relativamente lonxe da costa, é evidente que, ata o momento, os nosos coñecementos do paleolítico nesta rexión rematan no camposanquiense como rematan no Baixo Miño portugués.

Soamente tres explicacións pódenselle darse a este fenómeno:

1. Unha emigración en masa, durante a crúa época glacial Würmiense, a causa da carencia de abrigos naturais na bisbarra.
2. A ausencia das culturas clásicas de Europa occidental nesta zona, substituídas por outra contemporánea, de carácter local.
3. Unido ao anterior, a perda de vestixios mobiliarios desta época, a causa de certos fenómenos xeolóxicos, que determinaran a súa desaparición.

A primeira hipótese parece pouco probable, pois o home paleolítico, máis atrasado e menos apto para a loita, sufrira con anterioridade os rigores do clima glacial, sen que iso motivase a súa fuxida a terras máis cálidas. Hai que recordar a este respecto que, aínda durante a glaciación máxima, a nosa Península gozou, en xeral, dun clima benigno, xa que non se viu esmagada baixo o peso do gran casquete xeado que oprimiu a case toda Europa²⁰. Obermaier ilústranos claramente sobre a cuestión, ao dicir que:

“sería lamentable ignorancia dar escasa importancia a estes sitios ao aire libre, nunha rexión en que o clima lle permitía ao home en todo

(20) H. OBERMAIER e A. GARCÍA BELLIDO, *El Hombre prehistórico y los orígenes de la Humanidad*, Revista de Occidente, Madrid, 1944.

tempo, aínda durante unha época glaciár, vivir ao raso, motivo que explica verosimilmente que as vivendas ao aire libre sexan moito máis numerosas cás das covas”²¹.

Certo é que durante a época Würmiense prodúcese a única glaciación probada con certeza no Norte de Portugal, isto é, a da Serra de Estrela, pero aínda así o límite climático das neves perpetuas estaba moi lonxe de afectar ás baixas zonas ribeirás do Miño, resumindo J. Carrington da Costa²² a interesante cuestión con estas palabras:

“É verdade que Penck, baseándose nas observacións de Vasconcelos Pereira Cabral, calculou que o límite climático das neves perpetuas, durante a última glaciación, debía estar entre 1350 e 1500 metros; admitía, non obstante, que as morrenas laterais da Nave-de-Stº-Antonio representaban posición de repouso, o cal non debe corresponder á verdade. Pero, actualmente, pénsase nun número máis elevado. Obermaier e Carrandell consideran, sen dúbida, entre 1.400 e 1.500 metros; aínda, aplicando o valor que aquel Prof. admitiu para a depresión debaixo do límite actual, teríamos xa 1.550 metros. Esta valoración sobe aínda, cos últimos cálculos do Profesor Lautensach, a un valor mínimo de 1.600 metros. Tales límites, é certo, varían coas condicións climáticas, pero, baixo este aspecto, non existen diferenzas moi grandes entre ás serras da Estrela e de Montedouro. Ademais as altitudes límites calculadas para Galicia son case idénticas. E cara ao interior da Península, van aumentando gradualmente a medida que o clima se fai máis continental”²³.

Non cabe dúbida, pois, de que a bisbarra do Baixo Miño, que na zona de Tui alcanza a súa altura máxima no monte Aloia (630 m.), gozaba, aínda en plena glaciación Würmiense. dun clima benigno, de carácter oceánico, moi semellante ao que seguiu imperando durante o post glaciár Flandiense, onde se produce a expansión da cultura mesolítica.

A segunda hipótese foi acertadamente exposta polo Abate Breuil (cuxa máxima autoridade é innecesario subliñar) no último estudo que

(21) H OBERMAIER, “Estudios prehistóricos en la provincia de Granada”, en *Anuario del Cuerpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos*, vol. 1, Madrid 1934.

(22) J. CARRINGTON DA COSTA, “Evolução do medio geográfico na prehistoria de Portugal”, en *Congreso do Mundo Português*, vol. I, páxs. 18-58, Lisboa, 1940.

(23) CARRINGTON, *op. cit.*, páx. 42-43.

Ile dedicou ás industrias de A Guarda, a base do exame dos numerosos achados que Cabré gardaba na súa casa de Madrid, polo que aquel e Zbyszewski arribaron a “unha concepción provisional interesante do que puido pasar nesta rexión”. Velaquí as súas palabras:

“Certos depósitos conteñen grandes discos moi planos, tallados arredor (todo ou parte) e outros diversos seixos tallados, mesmo coups-de-poing máis ou menos dexenerados, de tradición achelense. Hainos moi alterados e non rodados, nunca tocados polo mar; outros foron rodados por el máis ou menos, antes de ser patinados á súa vez. Non é, por conseguinte, o mar actual o que os rodou. Neste grupo, frecuentemente non se observa a confusión asturiense ou protoasturiense. Este grupo foi observado polo Profesor Joaquín Fontes, que o designou baixo o nome de Camposanquiense; é idéntico ao que un de nós (H. Breuil) chamara Languedociense no val do Garona, onde aparece no Cuaternario, e que xace “in situ” no loess recente de todas as terrazas.

Existen, non obstante, nas ribeiras do Miño depósitos de picos (ou coups-de-poing) moi anchos, de talla plana, onde os tipos languedocienses se atopan tamén.

Os obxectos destes depósitos ou están intactos e arrubiados polo chan, ou están rodados polo mar despois do arrubiamento. As formas asturienses, estreitas e alongadas de Asturias con bordos de corte brusco, son raras. Isto dá, pois, lugar a pensar nun proto-asturiense, notablemente máis antigo có de Asturias e paleolítico en idade. Obsérvanse voluminosos “pesos de rede” para grandes barcas. Existen outros grupos asturienses, uns rodados intensamente polo mar actual ou polos mares recentes, e outros non rodados, onde as formas anchas desaparecen e onde as alongadas ou de caras laterais abruptas son predominantes; as analoxías cos tipos de Asturias acentúanse cada vez máis. Son os Asturienses medios e superiores, que deberon alcanzar Asturias dende o Noroeste da Península. ¿Que sucedeu nesta rexión, verdadeiro Finisterre sen sílex e pouco desexable aos Paleolíticos superiores? O Achelense, mesmo o Abbevillense (extremadamente rodado nas praias) existe; segundo J. Fontes, A. Paço e E. Jalhay afirmaron moi acertadamente.

Na Alta Garona, Alta Castela, Estremadura, rexión de Muge, o achelense remata, por unha especie de dexeneración industrial, no Languedociense (ou Camposanquiense), certamente contemporáneo local do Mousteriense, ata o principio do Paleolítico superior. Durante a época do nivel mariño 6-10 m. é cando aparece no Cabo Espichel. Seguiu ao mar no seu descenso durante o Würm. Durante a suba, retro-

cedeu, transformándose progresivamente. Os proto-asturienses retrocederon á súa vez ante o mar, ata o óptimun mesolítico ou post paleolítico. O mar actual mesturou os restos dunha e outra industria, pero sen alcanzar os niveis máis elevados dos primeiros languedocienses e máis tarde os últimos asturienses viron o mar deterse”²⁴.

Por esta razón (continúan) achou Cabré paleolitos en túmulos da Idade do Ferro. Por isto en certas vías férreas de Minho hai cantos rodados asturienses e languedocienses, e non por isto pertencen á época do vapor; e por isto na citania do Tecla áchanse dentro das casas instrumentos prehistóricos destinados á defensa, levados alí posteriormente dende as terrazas fluviais.

En apoio desta mesma teoría, Zbyszewski, no seu traballo tantas veces citado, e rebatendo a suposta modernidade do asturiense defendida por A. Viana, afirma rotundamente que aquel ten a súa orixe no paleolítico²⁵, e esta opinión é ultimamente apoiada, entre outros autores, por J. Camarate França, quen, ao facer recensión dun traballo de Breuil e Zbyszewski, conclúe:

“Cremos que os picos do NO. peninsular son en gran parte do Paleolítico, de onde evoluíran até o Mesolítico, a través do achelense e do Languedociense”²⁶.

O pensamento de Breuil e Zbyszewski resulta claro e plausible, podéndose resumir así:

- a) O Asturiense, como estreitamente vinculado ao Camposanquiense, é industria de tradición paleolítica.
- b) O Camposanquiense (achado *in situ* no val do Garona) é contemporáneo local do Mousteriense.
- c) O Camposanquiense, utilizando o rudo material lítico da bisbarra (cuarcita) prolonga a súa vida dende o Paleolítico inferior

(24) H. BREUIL e G. ZBYSZEWSKI, “Contribución á l’étude de industries paléolithiques du Portugal et de leurs rapports avec la géologie du Quaternaire. Les principaux gisements des deux rives de l’ancien estuaire du Tage”, en *Comunicações dos serviços geológicos de Portugal*, t. XXIII, Lisboa, 1942, páxs. 323 e sigs.

(25) ZBYSZEWSKI, *op. cit.*, pág. 33.

(26) XLI: J. CAMARATA FRANÇA, “Recensión de la obra de Breuil y Zbyszewski, Contribución á l’étude des industries paleolithiques des plages quaternaire de L’Alentejo littoral”, en *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, vol. XI, fasc. 3-4, Porto, 1938, páxs. 396-97.

ata o Mesolítico, substituíndo as industrias europeas do Paleolítico superior.

d) Finalmente, o *Asturiense* no seu período inicial ou *Protoasturiense*, é anterior na costa do N. O. hispánico có de Asturias.

Agora ben, a atinada teoría destes autores non chega a explicar certos problemas, que despois dela subsisten aínda, sendo acaso o máis significativo deles a limitación das estacións do Camposanquiense, non tanto cuantitativamente como xeográfica e tipoloxicamente, habida conta do longo ciclo temporal que abranguen. Por outra parte, sen que sexa posible supoñer que o Camposanquiense deba producir útiles tan depurados como os do Paleolítico Superior, pois careceu do sílex necesario para iso, pode, si, supoñerse que pasara durante esa época intermedia da súa vida por un período de maior depuración (período do que, por certo, é posible admirar algunhas escasas mostras nos depósitos da Guarda) e cuxos vestixios hoxe están perdidos. Así mesmo parece non se observar unha clara liña de continuidade entre os achados do Camposanquiense rexistrados cara ao interior e os da costa, acusando aqueles certos matices arcaicos, que convirá ratificar con futuros achados. Todo iso, unido ás nosas observacións sobre o terreo, levounos a pensar nunha perda de materiais, que trataremos de xustificar a continuación, e cuxa demostración xulgamos sería o complemento da luminosa tese que para o noso Paleolítico superior elaboraron Breuil e Zbyszewski.

Ao describir a xeoloxía da bisbarra tudense aludimos ás tres terrazas diluviais que Lautensach observou nela, en 1932 dando por certas as súas conclusións e as de Zbyszewski no que respecta á identificación cronolóxica e industrias que corresponderían a cada terraza. Pero nun completísimo estudo posterior²⁷ Hermann Lautensach investiga de novo as terrazas do Baixo Miño, dende Ribadavia á súa desembocadura, isto é, ao longo dos últimos 75 quilómetros de curso, e aínda que no fundamental o autor se mostra acorde cos seus puntos de vista pre-

(27) HERMAN LAUTENSACH, "Die Minhoterrassen und ihre Beziehungen zu deas eiszeitlichen Problemen", en *Congreso do Mundo Portugués*, vol. I páxs. 62 99, Lisboa, 1940.

cedentes interésanos subliñar aquí as súas palabra respecto á estraña ausencia dunha cuarta terraza correspondente ao primeiro interglaciar Milazziense (Günz-Mindel):

“O máis antigo interglaciar non está representado no Val do Miño por unha cuarta terraza removida. A causa disto non se pode coñecer con seguridade. Está, non obstante, demostrado que enriba da terraza superior aparecen abundantes salientes rochosos. Quizais existira esta terraza anteriormente, pero faltan as correspondentes capas de grava. Atoparon machados de man do tipo Chelense que H. Breuil sitúa en o máis antigo interglaciar e están confeccionadas de cantos rodados de cuarcita”²⁸.

Engadamos agora, tras esta expresión de dúbida, unha afirmación do máximo interese, deducida das seguintes palabras de Lautensach:

“A terraza inferior do Miño remata na desembocadura do río Mouro na estación do ferrocarril das Neves. Máis cara a arriba o río vai acompañado de rochas mouras, case a pico. Se nos vales superiores a este punto se atopan baixas terrazas, non o examinei, pois esta cuestión non interesa ao problema. En relación coa anchura do río, a terraza inferior é en case todas partes sorprendentemente estreita. Aínda á altura de Valença existen lugares en ambos os dous lados onde se atopa debilmente representada, de modo que a paisaxe está dominada totalmente polos declives da terraza media. Raramente os bordos desta terraza media xorden fronte ao río a máis dun quilómetro de distancia. Nas sondaxes para a construción da ponte internacional entre Valença e Tui demostrouse que o leito rochoso do río atópase máis profundo cá base dos piares da ponte. Estes alcanzan na beira española unha profundidade de 29,95 metros baixo o leito actual. Como queira que en Valença o nivel máis baixo da auga soamente se atopa a 6 m. enriba do cero hidrográfico, debe o leito rochoso do río acharse aínda bastante máis abaixo do nivel do mar. Ao igual cós demais vales portugueses, tamén o val do Miño foi profundamente erosionado e soterrado despois. O material para iso procede da terraza inferior, cuxa orla-límite revela en tódalas partes o granito e o gneis subxacentes”²⁹.

(28) *Op. cit.*, pág 93.

(29) *Op. cit.*, pág 77-78.

Dous feitos resultan, pois, evidentes, segundo Lautensach:

1º. A ausencia dunha cuarta terraza, que debería corresponder ao interglaciar Milazziense (Günz-Mindel).

2º. A inmersión case total da 3º terraza, atribuída ao post glaciar Flandiense, no profundo leito do río.

Agora ben, o citado autor afirma que a canle do Miño foi enchida pola terraza inferior, sendo evidente que esta mostra aínda a súa superficie aflorando ata 5-8 metros do nivel actual; e se a eses lles sumamos os 22 metros que, cando menos, corresponden á altura do material de recheo, obteremos para a última terraza unha altura total de 30 metros, como mínimo, que certamente parece esaxerada. En vista diso e da estraña ausencia dunha cuarta terraza, cabe formular un suposto, que nos permitimos expoñer a continuación.

Se, como se sabe, durante a época glaciar Würmiense se produce a grande regresión mariña, que alcanza preto de 200 metros, coincidindo co fin do paleolítico inferior e a plenitude do superior, podemos xustamente colixir que este movemento regresivo, dislocando as terrazas litorais, influíu así mesmo poderosamente no afundimento das fluviais especialmente nas proximidades das desembocaduras dos ríos. E isto queda perfectamente aclarado, precisamente con respecto á época que nos ocupa, nestas afirmacións de Carrington da Costa³⁰:

“Foi durante os estacionamentos da regresión grimaldiense cando se formaron as medias e baixas terrazas litorais. Este lento movemento negativo do Océano foi modificando e afastando a liña da costa ata a isóbara 200 metros. Tal fenómeno, facendo baixar o nivel da base, obrigou aos ríos a buscar o seu nivel de equilibrio, encaixándose, e, onde as condicións orográficas e petrográficas de aquel movemento o permitían, a establecer as respectivas terrazas fluviais”.

A regresión Grimaldiense, que coincide cronoloxicamente co Achelo-musteriense, continuou ininterrompidamente durante o paleolítico superior e ela foi, sen dúbida, a que motivou o recheo do fon-

(30) *Op. cit.*, páx 24.

do leito do río, provocando o deslizamento das terrazas, en especial daquela que entón era a inferior, e que hoxe xacerá sepultada integramente baixo a auga e o leito actual do Miño, así como ao longo de toda a costa. A este respecto, García Sainz³¹ expresa:

“Xa Lautensach supón no ano 41 e con posterioridade ás nosas primeiras publicacións que a terraza inferior do Miño debe ser de época post-glaciar, coincidindo nisto coas nosas conclusións do ano 1931 e estudos epiglaciares do 41. Os elementos que estudamos non poden relacionarse coas estacións de restos asturienses que se presentan na costa e que deran lugar a unha precisión maior no medio dos achados chelense, achelense e musteriense, que indubidablemente son cuaternarios: Lautensach e os autores portugueses sinalan o achelense na alta terraza e descartan a dúbida que puidese existir sobre a época pliocénica das terrazas do Miño. Habemos de recordar tamén as oscilacións das costas atlánticas que tanto as portuguesas como as santanderinas e galegas foron afectadas por fallas e movementos tectónicos que somerxeron nos cursos inferiores dos ríos e baixo as augas atlánticas os restos paleolíticos musterienses e posteriores ao último interglaciar (Riss-Würm): así o demostraron algúns autores portugueses³² ao indicar que nas costas meridionais de Portugal non se presenta ningún nivel mariño pertencente á grimaldiense de Bourcart”³³.

Á regresión Grimaldiense segue un período de transgresión, o Flandiense, contemporáneo do mesolítico e do post glaciar, que leva ás augas do Océano ao seu nivel actual, e que non é outro que o movemento de avance observable nos nosos días. Esta transgresión acabou de completar a inmersión dos depósitos procedentes e determinou, ao mesmo tempo, a case total desaparición baixo as augas fluviais e mariñas da propia terraza post glaciar.

En resumo, achámonos ante os seguintes feitos probables:

(31) LUIS GARCÍA SAINZ, “Las formaciones rojas loésico-fluviales del Norte de España, su origen y semejanzas”. *Tercera reunión de Estudios Geográficos celebrada en Santiago de Compostela*, setembro, 1933, Madrid, 1944.

(32) XLIV: BREUIL, RIBEIRO, ZBYSZEWSKI, “Les plages quaternaires et les industries préhistoriques du littoral de L’Alentejo entre Sines e Vila Nova de Milfontes”, en *Asoc. portuguesa para o Progreso das Ciencias*, Porto, 1943.

(33) *Op. cit.*, páx 135.

1. ° O fondo rochoso do Miño alberga a terraza do interglaciar Riss-Würm e gran parte da de post glacial, que soamente emerge no seu bordo superior.
2. ° Iso implica unha discordancia cronolóxica na estratigrafía por canto a terraza post glacial viría así sedimentarse sobre os aluviós do Riss-Würm, subxacentes na profunda canle rochosa.
3. ° A actual terraza superior corresponderá, pois, ao interglaciar Günz-Mindel e a media ao interglaciar Mindel-Riss, ambas as dúas con abundante representación do paleolítico inferior.
4. ° Como xa apuntaron diversos autores³⁴, as industrias destes períodos achadas na desembocadura e en terraza mesolítica, procederán dos arrastres fluviais.
5. ° A ausencia de industrias correspondentes ao paleolítico superior explicárase pola desaparición baixo a auga da terraza correspondente; e
6. ° Seguindo a teoría de Breuil e Zbyszewski, cabe supoñer a existencia dun Camposanquiense inferior, contemporáneo do Mousteriense, xacente nas terrazas medias do Miño, e representado polos primeiros tipos de discos e coups-de-poing raspadores (exemplo, A Bouza, Tui); un Camposanquiense medio, contemporáneo local das industrias europeas do Paleolítico superior, de formas evolutivas máis depuradas (gardamos na nosa colección (A. Blázquez) algúns curiosos exemplares, que publicaremos), perdido hoxe baixo as augas; e, finalmente, un Camposanquiense superior, lazo de unión co Proto-asturiense, localizado nas terrazas inferiores, post glacial, con abundante representación de utensilios diversos, algúns reveladores dun precedente esplendor nas formas e técnica da talla, explicándose talvez pola xustaposición de ambas as dúas culturas a supervivencia no Asturiense dalgúns tipos paleolíticos, que o home achou a man como modelos³⁵.

(34) ABEL VIANA, "Os problemas...", páx. 184.

(35) R. DA SERPA PINTO, "Notas para un plano de estudos xeolóxicos entre Minho e Lima", en *Anuario de Viana do Castelo*, Viana, 1932.

CONCLUSIÓN

Volvendo finalmente aos achados de instrumentos paleolíticos rexistrados na bisbarra de Tui, obxecto principal do presente traballo, resta presentar as seguintes conclusións:

1. Na marxe dereita do río Miño, e á altura de Tui, teñen representación as industrias do paleolítico inferior (Achelense e Camposanquiense) ata agora descubertas na beira portuguesa.
2. Os achados dunha e outra marxe confirman a unidade de culturas paleolíticas no Baixo Miño, e neste sentido conviría dirixir os futuros estudos
3. Cabe supoñer que a regresión Grimaldiense provocara o afundimento no río e no Océano de todo vestixio do paleolítico superior, representado aquí por un Camposanquiense medio.
4. De tal sorte, o Asturiense aparece asentado estratigraficamente sen aparente solución de continuidade, sobre o Camposanquiense.

Galicia, abril-maio de 1949
Debuxos de Álvarez Blázquez.
Fotos Bene
Versións do alemán de
M^a Luisa de Álvarez Blázquez.